

**SEMINARIO INTERDISCIPLINAR
O(S) SENTIDO(S) DA(S) CULTURA(S)
COORDINADO POR RAMÓN MAIZ**

A REPRESENTACIÓN POLÍTICA IDEAL D@S CIDAD@(N)S EN ESPAÑA, O REINO UNIDO, POLONIA E MACEDONIA

Monica Threlfall

Tradución de Cristina Río López

**Xoves, 2 de decembro de 2010
17:00 horas
Consello da Cultura Galega**

Consulte os materiais en www.consellodacultura.org

Monica Threlfall

Institute for the Study of European Transformations
London Metropolitan University

Monica Threlfall (BA, MA, PhD) é profesora investigadora da London Metropolitan University, RU. Dirixe un dos equipos do proxecto FEMCIT-A Cidadanía Xerada nunha Europa Multicultural, que expón que a representación política debe reorganizarse para que cidadá@n)s e residentes se sintan incluídos. Publicou sobre o papel das organizacións da sociedade civil na transición democrática, o consenso, ou o movemento feminista (Gendering Spanish Democracy; Consensus Politics in Spain, etc).

Máis información:

<http://www.londonmet.ac.uk/research-units/iset/staff/monica-threlfall.cfm>

Institute for Study of the European Transformations

<http://www.londonmet.ac.uk/research-units/iset/>

A representación política ideal d@s cidad@(n)s en España, o Reino Unido, Polonia e Macedonia

Monica Threlfall

RESUMO

Nos estudos referidos á función desempeñada polos parlamentarios sinálase que a súa relación cos habitantes da súa circunscrición ten sido obxecto de poucas investigacións, que tenden a centrarse, ademais, no seu carácter de lexisladores e políticos, na súa actuación pública, a súa eficacia lexislativa, en como perciben a súa función e os seus deberes, e ata que punto os cargos electos son quen de garantir a súa reelección grazas aos seus resultados individuais. Máis aínda, os estudos abranguen principalmente sistemas de sufraxio directo uninominal, xa sexa o estadounidense, o francés, o británico, o canadense ou o australiano. Así mesmo, malia que se lle está a prestar atención á cuestión da representación política desde outra perspectiva, que é o innovador enfoque adoptado polas estudosas feministas (desde Sapiro 1981 a Phillips 1998 ou Lovenduski 2005, entre moitas outras), as cales se fan eco das reivindicacións do movemento das mulleres que piden unha representación feminina «sociolóxica» ou «descritiva» nas institucións electivas, as súas obras non exploran o que opinan as bases sociais sobre esta forma de representación. Existen, xa que logo, poucos estudos do sistema de representación elaborados desde unha perspectiva «de abaixo arriba», que se centre no que os cidadáns e os residentes gustarían de recibir dos seus parlamentarios e concelleiros rexionais e locais para se sentiren representados satisfactoriamente no ámbito político. Velaquí, por ese motivo, a innovadora perspectiva que se adopta neste documento.

A cuestión de como poderían sentirse representados os cidadáns non se debate no mesmo plano en que se estudan as preferencias electorais e, en consecuencia, non abrangue o tema das intencións de voto. Ao contrario, sentirse representado consiste en explorar algo que probablemente sexa un dereito cidadán fundamental: o dereito a ser representado no sentido de manter relacións políticas cuns parlamentarios dados e experimentalmente de xeito individual. Isto contrasta coa práctica, máis común e podería dicirse que instrumentalista, das democracias, nas cales as institucións estatais lles solicitan periodicamente aos cidadáns que escollan uns parlamentarios entre diversos candidatos asignados a cada circunscrición electoral a fin de promocionar a súa procedencia por todo un territorio, sen especificar se diso se deriva algún tipo de vínculo político, dereito ou deber.

Desde a perspectiva orientada cara ao cidadán que aquí se adopta explóranse dous vectores. O primeiro, en que medida paga a pena profundar nas «relacións de representación» nunha democracia co obxecto de establecer un bucle de información mutua que, por unha banda, sirva para que os cidadáns sintan que gozan dun maior recoñecemento e, pola outra, lles forneza aos seus representantes datos políticos de vital importancia. O segundo vector é ata que punto unhas boas «relacións de representación» dependen da identidade do parlamentario, quer como persoa, quer como político; neste sentido, estúdase como visualizan os cidadáns un ideal de representación, para o cal se buscan aquí as características persoais e políticas do representante e o sistema de representación perfectos, no canto de nos preguntarmos polo partido político que prefiren os cidadáns e pola súa intención de voto. Préstaselle especial atención á cuestión de ata que punto a «afinidade» sociolóxica ou descritiva entre representantes e representados, en contraposición á competencia técnica e as características políticas, constitúe un requisito importante para estes últimos sentiren que gozan de representación. Analízase esta tensión que para o sentimento cidadán supón contar con representantes da súa «mesma identidade» desde a perspectiva da diferenza de sexos, etnias e relixión.

Os achados que se presentan aquí son cualitativos e xorden do traballo de vinte grupos de debate que contaron coa participación de case 160 persoas en dez puntos do Reino Unido, España, Polonia e Macedonia.

1. Introducción

No ano 2009, a Cámara dos Comúns do Reino Unido constituíu unha Outreach Office, ou Departamento de Difusión Pública, co obxecto de familiarizar os cidadáns co traballo e os procedementos levados a cabo no Parlamento e fomentar a participación no proceso político. O seu propio Modernisation Committee, ou Comisión de Modernización, advertiu «que a desconfianza do pobo na clase política vai en aumento, e existe unha sensación de desvinculación das institucións democráticas. En torno ao 67% dos cidadáns [británicos] coidan que non saben nada ou case nada sobre Westminster [sede das principais institucións do Goberno]» (Stanley 2009). E isto ocorría nun país que posúe unha arraigada cultura política na os membros do Parlamento dedican tempo e esforzo a traballar cos seus potenciais electores, desprazándose con regularidade á súa circunscrición, reuníndose con organizacións locais e celebrando sesións de «consulta sen previa cita», abertas ao público e sen que se faga antes un cribado de asistentes. O 90% dos membros do Parlamento atenden estas consultas unha vez ao mes e o 60% cada dúas semanas (Cain, Ferejohn, and Fiorina 1987: 62). Se a circunscrición está moi afastada da área londiniense, proporciónanselles incentivos económicos a fin de que dispoñan nela dunha segunda vivenda e así pasen alí máis tempo. Con todo, isto non abonda para que o público se sinta próximo ao sistema parlamentario, dificultade que indica a conveniencia de volver analizar as relacións existentes entre os cidadáns e os parlamentarios. O novo presidente da Cámara dos Comúns, John Bercow, declarou que a divulgación pública vai constituír a súa misión persoal e que deben revitalizarse os vínculos dos membros do Parlamento cos seus electores (2009).

Os estudos das funcións dos parlamentarios sinalan que ata agora se investigou pouco sobre as relacións que manteñen cos habitantes da súa circunscrición electoral; as análises tenden a centrarse no seu carácter de lexisladores e políticos, na súa actuación pública, a súa eficacia lexislativa, en como perciben a súa función e os seus deberes, e ata que punto os cargos electos son quen de garantir a súa reelección grazas aos seus resultados individuais. Máis aínda, os estudos abranguen principalmente sistemas de sufraxio directo uninominal, xa sexa o estadounidense, o francés, o británico, o canadense ou o australiano. Así mesmo, malia que se lle está a prestar atención á cuestión da representación política desde outra perspectiva, o innovador achegamento das estudosas feministas (desde Sapiro 1981 a Phillips 1998 ou Lovenduski 2005, entre moitas outras), as cales se fan eco as reivindicacións do movemento das mulleres que piden unha representación feminina «sociolóxica» ou «descritiva» nas institucións electivas, as súas obras non exploran o que opinan as bases sociais desta forma de representación. Existen, xa que logo, poucos estudos do sistema de representación elaborados desde unha perspectiva «de abaixo arriba», que se centre no que os cidadáns e os residentes gustarían de recibir dos seus parlamentarios e concelleiros rexionais e locais para se sentiren representados satisfactoriamente no ámbito político. Velaquí, por ese motivo, a innovadora perspectiva que se adopta neste documento.

A cuestión de como poderían sentirse representados os cidadáns non se debate no mesmo plano en que se estudan as preferencias electorais e, en consecuencia, non abrangue o tema das intencións de voto. Ao contrario, sentirse representado consiste en explorar algo que probablemente sexa un dereito cidadán fundamental: o dereito a ser representado no sentido de manter relacións políticas cuns parlamentarios dados e experimentalo de xeito individual. Isto contrasta coa práctica, máis común e podería dicirse que instrumentalista, das democracias, nas cales as institucións estatais lles solicitan periodicamente aos cidadáns que escollan uns parlamentarios entre diversos candidatos asignados a cada circunscrición electoral a fin de promocionar a súa procedencia por todo un territorio, sen especificar se diso se deriva algún tipo de vínculo político, dereito ou deber.

Desde a perspectiva orientada cara ao cidadán que aquí se presenta explóranse dous vectores. O primeiro, en que medida paga a pena desenvolver as «relacións de representación» nunha democracia co obxecto de establecer un bucle de información mutua que, por unha banda, sirva para que os cidadáns sintan que gozan dun maior recoñecemento e, pola outra, lles forneza aos seus representantes datos políticos de vital importancia. O segundo vector é ata que punto unhas boas «relacións de representación» dependen da identidade do parlamentario, quer como persoa, quer como político; neste sentido, estúdase como visualizan os cidadáns un ideal de representación, para o cal se buscan aquí as características persoais e políticas do representante e o sistema de representación perfectos, no canto de nos preguntarmos polo partido político que prefiren os cidadáns e pola súa intención de voto. Préstaselle especial atención á cuestión de ata que punto a «afinidade» sociolóxica ou descritiva entre representantes e representados, en contraposición á competencia técnica e as características políticas, constitúe un requisito importante para estes últimos se sentiren representados. Analízase esta tensión que para o sentimento cidadán supón contar con representantes que posúen o que aquí denominaremos características da «mesma identidade» (para non reducir o concepto a trazos puramente descritivos) desde a perspectiva da diferenza de sexos, etnias e relixión.

Os achados que se presentan aquí son cualitativos e xorden do traballo de vinte grupos de debate que contaron coa participación de case 160 persoas en dez puntos do Reino Unido, España, Polonia e Macedonia. Na sección 2 repásanse as obras pertinentes ao respecto e sinálase como influíron no deseño deste estudo; na 3 explícanse os métodos adoptados, mentres que na 4 se trata unha selección significativa dos numerosos achados reflectidos nesas obras. Finalmente, a sección 5 presenta as conclusións, nas que se avoga por revisar o actual sistema de representación política formal mellorando as relacións existentes entre os cidadáns e os seus representantes.¹

2. O pano de fondo da investigación: os parlamentarios e o traballo na circunscrición, o distanciamento dos cidadáns da política, e a representación sociolóxica

2.1. Os parlamentarios: lexisladores ou representantes?

Deberían representar os representantes e lexislar os lexisladores? A resposta sería obvia se non se tratase da mesma persoa, mais, como o son, este feito indica que ou ben desempeñan funcións contrapostas ou ben as equilibran doadamente.² Edmund Burke defende a «Decisión do parlamentario» de actuar como lexislador e non como representante: «Un, abofé, escolle un membro do Parlamento, pero unha vez escollido este xa non é membro do concello de Bristol, senón do Parlamento» (Burke 1774). Malia Pitkin (1967: 168) afirmar que Burke «non presenta unha doutrina de representación coherente», non por iso deixa de expresar con paixón o dilema do parlamentario:

§ Xaora, cabaleiros, debería ser a felicidade e a gloria dun representante vivir na máis estrita unión, na máis íntima correspondencia e na comunicación máis carente de reservas cos seus electores. Os desexos destes deberían pesar moito nel; a súa opinión, merecer un alto respecto; as súas actividades, recibir incesante atención. É deber do representante sacrificar repouso, praceres e satisfaccións polos deles; e, por riba de todo, sempre e en todos os casos preferir ir en prol do interese deles que do propio. Mais o seu ditame imparcial, o seu xuízo maduro e a súa conciencia ilustrada non debería sacrificárvola [...]. O voso representante débevos non só a súa industria, senón tamén o seu parecer; e traizóavos, no canto de serviros, se sacrifica este pola vosa opinión.

Burke ponse de parte do ditame axuizado e concienciado do membro do Parlamento como individuo, que debería prevalecer sobre a «opinión tomada á lixeira» do público, baseada en «prexuízos locais»; representar o parecer dos electores non é prioritario. Nunha democracia representativa, non nunha directa,

o Parlamento non é un congreso de embaixadores que teñan intereses diferentes e hostís, intereses que cada un deles haxa de defender, en tanto que representante e intercesor, contra outros representantes e intercesores.

No canto diso, Burke entende que os parlamentarios traballan polo «ben xeral», afirmación que apoia Manin (1997: 163) porque se acepta desde o século XVIII que representan «a nación no seu conxunto, e non a súa particular circunscrición». Esta idea do ben común ten sido posta en dúbida en repetidas ocasións por como oculta contradicións de clase e de sexo en vez de conciliar unhas con outras, como afirma facer. Aínda que desde as perspectivas pluralistas liberais se tende a rexeitar estes conceptos monolíticos para favorecer unha competencia política democrática que se artelle en torno a obxectivos plurais, estes debates deixaron un importante legado, pois, se os parlamentarios non son máis que lexisladores independentes, os cidadáns vense privados do que aquí

denominaremos «relación de representación». O movemento laborista coidou necesario crear partidos laboristas que representasen os intereses dos traballadores, e o movemento das mulleres loita por estar representado por mulleres; ambos, así, pensan que o que importa é a identidade do representante. Aos traballadores non lles satisfacía que os representasen os patróns, nin ás mulleres que as representasen homes, convencidos como estaban de que a fenda entre os intereses e os puntos de vista duns e doutros era tan grande que patróns e homes non podían actuar, respectivamente, no nome de traballadores e mulleres. En datas máis recentes tense debatido moito sobre a necesidade de contar con parlamentarios procedentes de minorías étnicas, e organizacións como Operation Black Vote ('Operación Voto Negro') seguen a facer campaña a prol do principio de que o semellante represente o semellante. Neste escenario, durante o traballo de investigación realizado para elaborar este artigo prestóuselle considerable atención á cuestión de **quen** debe ser representado por quen, coa mirada posta nas preferencias e a identidade dos cidadáns en tanto que suxeitos dun sexo, unha etnia ou unha raza.³

Practicamente todos os estudos que abordan as relacións entre electores e os seus representantes toman como base países onde rexen sistemas de sufraxio directo uninominal, o que abrangue os estados anglosaxóns e Francia. Bogdanor (1985) afirma que apenas se realizara estudo empírico ningún sobre esta materia antes de editar o seu volume comparativo, no cal presentaba as hipóteses de que a) a función que desempeña o sistema electoral determina de xeito decisivo o tipo de vínculo que se establece entre parlamentarios e electores; e b) que os sistemas de sufraxio directo uninominal contribúen á creación de lazos máis estreitos, xa que as circunscricións plurinominais resultarían demasiado amplas. Porén, non se demostrou a validez destas suposicións; os achados de Bogdanor subliñaron a omnipresencia dos partidos nas democracias de partidos que teñen un Parlamento de partidos, o cal significa que todos os parlamentarios do século XX se dedicaron a atender unha clientela de ámbito estatal carente de criterios xeográficos e apiñada arredor de determinados grupos de interese, como o de clase. Bogdanor chegou á conclusión de que o papel que desempeña a circunscrición dun representante só ten cabida nos intersticios do traballo do partido; por este motivo, o sistema de Westminster **non** é superior por natureza ao sistema de representación proporcional debido á maior proximidade do electorado.

No tocante a Alemaña, Burkett (1985) achou que non se estudara a cuestión do servizo prestado polos parlamentarios á súa circunscrición, malia a existencia de 248 escanos asignados a tales distritos no Bundestag. Os parlamentarios non contan con moitos incentivos para «se ocuparen a conciencia dos problemas dos electores» simplemente porque os problemas locais quedan para o ministerio e a asemblea dos estados federados (Landestag), sendo os deputados incapaces de facer moito para os solucionar. Aínda que o representante dunha circunscrición tentase, efectivamente, cultivar un apoio persoal nese distrito, as poucas probas de que se dispuñan indicaban que non daría aguantado unha mudanza política no país ou na rexión (Burkett 1985: 121, 124) e, ademais, existían canles legais oficiais, a escala estatal, para emitir queixas formais, que invalidaban calquera cousa que puidese facer un parlamentario. Mesmo á hora de escoller deputados uninominais, os electorados

alemáns teñen que facelo atendendo ao criterio do partido político, e eses deputados gozan, así, de liberdade para se centraren en legislar sen sufriren o dilema das «dúas caras» dos seus homólogos do Reino Unido ou de Francia. No caso dos Países Baixos (Gladdish 1985), o país enteiro é unha única circunscrición electoral; os cidadáns non manteñen cos parlamentarios relación ningunha baseada no parámetro da localidade, e «os candidatos non teñen a obriga de residir no distrito nin de teren vínculo ningún con el» (Beun e Irwin 1997). Con todo, nos Países Baixos e en Alemaña a cidadanía está moito máis interesada na política que no Reino Unido e falan máis dela cos amigos (*European Values Survey* 2005: 11, Táboa 1E; 13, Táboa 2).

Estes casos amosan que o vínculo coa circunscrición, cando existe, é un artefacto previsto polas disposicións constitucionais e que, no referente ao Reino Unido, aumenta a probabilidade de que o apoio que se lles presta a uns cidadáns concretos veña do departamento da autoridade local pertinente, dun concelleiro ou do valedor do pobo. Está en dúbida, pois, se o servizo prestado polos membros do Parlamento británico ás súas respectivas circunscricións realmente é o que prevalece; algunhas fontes indicaban no 2007 que os deputados tenderan a descoidar os seus deberes no ámbito local **noutros tempos** (House of Commons [Cámara dos Comúns] 2007), mais Bogdanor achou que, canto á década de 1980, a prestación de servizos ao distrito non tiña grande relevancia. É posible que nos vínculos dos parlamentarios cos seus electores haxa, ata certo punto, algo de mito. Outros afirman que ese servizo se reforzou co tempo a consecuencia do **aumento da demanda popular** (House of Commons [Cámara dos Comúns] 2007: 6, Norton 1990: 199, Norton e Wood 1993, e Dogan 2007: 454); e é interesante comprobar que tal afirmación coincide cunha época en que a afluencia de votantes se estancou e posteriormente diminuíu tanto no Reino Unido como noutras democracias capitalistas avanzadas (Norris 2003). Semella, pois, que, sexan cales sexan os efectos do servizo prestado á circunscrición, non resulta evidente que contribuíse a que os votantes se implicasen máis en apoiar os seus representantes. Neste contexto, se se adopta unha nova perspectiva que asuma un enfoque diferente baseado nas preferencias dos cidadáns, probablemente se bote máis luz sobre este problema.

Searing (1994) entrevistou centos de membros do Parlamento británico durante un período prolongado e achou que as súas actividades e prioridades poderían clasificarse en oito tipo de roles, malia que só un deles comportaba o mantemento de relacións cos electores. Así, o rol de «membro representante da circunscrición» desempeñábanlo unicamente aqueles deputados que non tiñan cargo específico ningún, non os líderes parlamentarios;⁴ máis de tres cuartos dos distritos estaban representados por membros parlamentarios que **non** lles daban prioridade ás necesidades dos habitantes da súa circunscrición, senón que preferían dedicarse a defender determinadas políticas, ou buscaban acadar unha maior categoría e albergaban aspiracións ministeriais (1994: 33). Searing tamén amosou que o «traballo dedicado á circunscrición» consiste basicamente en compensar agravios, o cal recorda á antiga petición de favores e a reparación de danos, se ben Searing opina que mesmo uns agravios triviais poden indicar a existencia de áreas en que se aplican políticas erradas (1994: 122). Deste modo, a

súa investigación bota por terra, en gran medida, a idea de que o sistema británico se caracteriza pola intensidade do servizo prestado polos membros do Parlamento á súa circunscrición, e sinala que cando isto si ocorre é para se ocuparen de agravios particulares, que non son abertamente políticos. En efecto, a meirande parte dos membros parlamentarios non cría na posibilidade de lles daren voz ás opinións políticas dos seus electores, porque, como dicía un deles, con ecos que lembran a Burke, «[e]stá a cuestión de exercer o [seu] criterio» (1994: 154-5). Os membros do Parlamento recoñecían a falta de comunicación política de calidade, mais coidaban que o electorado non quería oír falar de medidas, senón que preferían ter alguén que «berrase por eles» cando fallaba algo (Searing 1994: 155); en troques, «a maioría de estranxeiros tenden establecer unha asociación entre representación e, principalmente, opinións políticas» (1994: 159). Sábese demasiado pouco sobre que tipo de contacto desexarían os cidadáns doutros países, o cal non contribúe senón a facer máis necesarios uns estudos que aborden a natureza das demandas que o pobo lles realiza aos seus representantes.

2.2. As «servidumes locais» e a despolitización de Francia, Gran Bretaña e os Estados Unidos

Dogan (2007) analizou as prácticas francesas, británicas e estadounidenses de servizo á circunscrición, denominadas «servidumes locais», e pinta un panorama cheo de vitalidade, con abafados representantes franceses que cargan con numerosos informes ao tempo que, incansables, fan rolda polos ministerios a fin de lles daren resposta ás demandas do electorado do seu distrito, para logo destacaren a devoción que senten pola súa localidade (ao optaren á reelección); mais Dogan coida que esta imaxe non lle fai xustiza ó labor dos parlamentarios como lexisladores estatais. Os moitos exemplos que fornece subliñan o carácter repetitivo, ao longo de décadas e por dúcias de lugares, dos intercambios que se establecen entre os electores e o seu parlamentario: as queixas e as peticións ocupan un lugar destacado, mentres que as cuestións referentes á adopción de medidas practicamente brillan pola súa ausencia. A investigación realizada para preparar este artigo tivo por fin elucidar se os vínculos entre circunscricións e parlamentarios deben ser de tipo «cliente-proveedor», no canto de estaren orientadas á elaboración de políticas, e puxo en dúbida unha crenza subxacente nos sistemas de sufraxio directo uninominal pola que se afirma que, se un parlamentario é o único representante do seu distrito, se dedicará a traballar para este, mentres que, se ten cinco compañeiros, o deixará á marxe.

Bianco (1994: 50), pola súa banda, estudou as interaccións, máis centradas na adopción de medidas, que se dan entre lexisladores e electores, mais indica que os lexisladores estadounidenses, cada un dos cales representa aproximadamente medio millón de persoas espalladas por unha zona moi ampla, vían con escepticismo esa idea de lles dar explicacións aos seus electores e tentar convencelos, pois crían que estes serían remisos a aceptar as aclaracións que o representante puidese ofrecer sobre medidas adoptadas en Washington. En cambio, a cuestión de dar explicacións non carecía de sentido alí onde concordaba coa intención dos lexisladores de seren

accesibles; así, se un representante emitía un voto polémico, sería útil ter acumulado algún capital político entre o seu electorado, que daquela aceptaría que lle desen una resposta racional e razoable mesmo se non estaba de acordo con ela (Bianco 1994: 53). Noutras palabras, coñecer os lexisladores e ter contacto con eles aumentaba a confianza e contribuía a que se aceptasen mellor as súas decisións políticas.

Os estudos realizados sobre o «voto persoal», consistente en que os votantes escollan un candidato por motivos persoais, por riba da popularidade do partido, céntranse na probabilidade de reelección do candidato en exercicio. No Reino Unido tense comprobado que o fenómeno do «voto persoal» xa existía na década de 1970, mais daquela non adquirira grandes dimensións; só nuns poucos casos conducira a importantes desviacións nas viraxes políticas (Steed 1975: 342-45). Noutras palabras, se un **partido** deixaba de ser popular, dificilmente un representante individual ía poder atallar a perda de votos. No caso do Canadá, tamén Irvine (1982) achou que, malia os representantes afirmaren case unanimemente (90%) que era moi importante traballar para o distrito, o tempo que investían nesta tarefa variaba moito e, de tódolos xeitos, non gardaba relación ningunha co éxito dos representantes: «é asombrosa a desconexión que existe entre a marxinalidade electoral e o servizo á circunscrición» (Irvine 1982: 759). Tampouco os congresistas estadounidenses parecían ser máis coñecidos nin mellor valorados polo traballo que realizaban para a súa circunscrición (Irvine, p. 760), e, por outra banda, falando de que é o que inflúe máis no cambio de opinión dos votantes —o candidato ou o partido—, no Canadá a importancia do candidato non deixaba de diminuír co tempo (Irvine, p. 761). En troques, era o partido ou o seu líder o principal responsable da reelección dun candidato (Irvine, p. 771), cuxos propios esforzos daban a impresión de ser «relativamente inútiles» (p. 772). Cain, Ferejohn e Florina (1983, 1987) volveron abrir este debate cos seus achados, que indicaban que os membros do Parlamento británico, como individuos, podían influír na súa reelección; mais Norton (1990), que pretendía demostrar sistematicamente o efecto do voto persoal, non atopou máis que un número reducido de probas que avalasen esa idea e, de xeito moi destacado, afirmou que en realidade resultaba sumamente complicado facer cálculos precisos.

Estudando o caso australiano, Studlar e McAllister (1996: 69), manteñen que practicamente non se ten analizado a función desempeñada polos representantes electos e o seu vínculo coa circunscrición, e tampouco acharon que o voto persoal causase efectos ningún; pola contra, se un lexislador se encargaba dos agravios dos electores reducíase seu número de votantes, máis que nada porque esta tarefa desprazaba outras actividades centradas no partido que resultaban máis vantaxosas en sentido electoral. Estes autores tamén poñen en dúbida o concepto de «rol» que un representante pode elixir, xa que existen outros factores, como a xerarquía do partido, que poden pesar no comportamento dun parlamentario, sobre todo en sistemas políticos en que o partido inflúe de xeito fundamental na tarefa lexisladora (Studlar e McAllister 1996: 71). Non obstante, os autores sinalan que outros como Taylor (1992) opinan que, mesmo en sistemas dominados polos partidos, os lexisladores aínda teñen que se enfrontar a escollas políticas referentes ao rol que han desempeñar.⁵ Por exemplo, o de «delegado», polo cal os

cidadáns gozan de certo poder para lles conferiren aos seus representantes o mandato de tomaren determinadas decisións lexislativas, foi obxecto de análise por parte de Mitchell (2000), quen adoptou a perspectiva de «superior-mandatario». Así, os electores son «superiores» aos que, en comparación cos seus representantes (mandatarios), lles falta información, por mor do cal experimentan dificultades para lles pediren contas a estes. Na lista do partido, un parlamentario insatisfactorio pode volver figurar como candidato para as próximas eleccións, logo de manter intactas as súas credenciais ante partido, porque é este, e non os votantes, os que supervisan os seus parlamentarios. Nos sistemas políticos centrados nos partidos, propios de democracias representativas, os parlamentarios teñen poucos incentivos para procuraren o voto persoal (Mitchell 2000: 348), posto que o éxito provén de que o partido lles ofrezca aos votantes a súa «identidade de marca» e, deste modo, ten «menor transcendencia» que non exista un vínculo directo entre tales votantes e os seus representantes. Evidentemente, esta perspectiva presenta un reto para calquera defensa que se poida facer das relacións dos parlamentarios coa súa circunscrición, reto que asumimos aquí entendendo os deputados non como instrumentos para a reelección nin o partidismo, senón como un fin en si mesmo: o de crear entre os cidadáns unha sensación de representación ou inclusión.

2.3. A opinión e as sensacións dos electores sobre a súa representación

Aínda que Pitkin se apresurou a dicir (1967: 1) que a súa obra **non versaba sobre as expectativas dos votantes** con respecto aos seus representantes, xa avanzaba que pode existir unha sensación psicolóxica de estar representado (1967: 10), tanto se é verificable obxectivamente coma se é ilusoria. Corenta anos despois, Rohrschneider (2005: 851) aseverou que «se sabe moi pouco sobre a idea que ten o gran público, en democracias avanzadas, sobre o proceso representativo». Na investigación realizada para este artigo contense un estudo desas ideas e opinións, partindo da premisa de que poden expresar certo grao de satisfacción (mesmo se é ilusoria, para empregar as palabras de Pitkin) e unha sensación de vínculo co sistema político. Con todo, o argumento de Rohrschneider era que, contrariamente á noción, máis plausible, de que son os propios **parlamentos** os que constitúen a fonte desa sensación de un estar ben representado, a verdadeira fonte se atopa nas «institucións de arbitraje» —a burocracia e o poder xudicial—, mais só se se tivo algún «contacto sobre asuntos persoais» con estas institucións (Rohrschneider 2005: 853), contacto que lles dará aos cidadáns unha experiencia coa que poderán avaliar o sistema. O autor conclúe que «unha burocracia e un poder xudicial imparciais aumentan a confianza cidadá na capacidade de representación do Parlamento e o Goberno» (p. 865).

No entanto, Rohrschneider non analiza os parlamentos nin os lexisladores. É posible argumentar que os efectos positivos das instancias burocráticas poderían reflectir a situación de países onde os parlamentarios están distantes e rara vez visitan a súa circunscrición; en consecuencia, se mudasen de comportamento, talvez os

achados de Rohrschneider serían outros. Existe tamén o problema de que as «burocracias» ben poderían comprender os departamentos e organismos da Administración local e, daquela, asociarse co concello e cos concelleiros electos en xeral. O autor combina o sistema político local coa Administración, de maneira que a distinción fundamental entre os dous queda anulada no ámbito local; e velaquí unha importante falla, porque o público ten aínda máis tendencia a mesturalos a ambos. Ante isto xorde a pregunta de se os concelleiros locais (representantes electos, non administradores) poden imbuír nos habitantes esa sensación de estaren ben representados, especialmente alí onde o Goberno local ofrece servizos e prestacións nos ámbitos do ensino e do benestar, ou onde os concelleiros (e mesmo os membros do Parlamento) actúan como intermediarios entre os electores, como se espera deles no Reino Unido e en Francia. Máis aínda, Rohrschneider non afirma que a burocracia e a xudicatura sexan para a cidadanía **a única** fonte de satisfacción e de sensación de representación (p. 871), pero si advirte que uns **contactos satisfactorios** do individuo coa burocracia administrativa teñen maior significación que a actuación desta, cuantificada obxectivamente, e o autor acepta tal satisfacción sen dubidalo. Na mesma liña, este artigo estuda o modo de avaliar subxectivamente o grao de satisfacción, dados os escasos coñecementos que se teñen sobre o que queren os cidadáns para se sentiren representados na política.

2. 4. O desapego: o declive da confianza e a fe nos políticos

Entender os vínculos que se establecen entre o público e os seus representantes pode formar parte do proceso de busca dun antídoto para esa «doenza» que é a desconfianza. Sen entrar nas ideas de Dalton sobre a confianza, o que procede aquí é sinalar que este autor recoñece a existencia de «sentimentos afectivos» (2004: 8) nas reaccións cidadás, citando a Hardin (1998, 2002), quen mantén que a confianza nos políticos só pode xurdir cando os habitantes os coñecen e saben que relación gardan os intereses deses representantes cos dos seus electores. Na investigación realizada para este artigo tomouse esta concepción de Dalton, mais afastándonos das obras escritas sobre o tema no tocante ao que se ten denominado «política da decepción» (Carey 1995), na medida en que non se avalía aquí ata que punto predominan a desafección e a desconfianza, senón que se exploran as fontes de afecto.

Significativamente, outros estudos critican as teses da decepción e o desapego sinalando o pulo tomado por novas formas de participación, como os grupos de presión, as ONG e a Internet, e suxerindo que o antigo activismo de partido foi substituído por outros modos de acción. O propio Carey xa tiña as súas dúbidas sobre a tese do desapego na súa obra complementaria *Beyond the Politics of Disappointment* ('Para alén da política da decepción', 2000), que trata as pasadas eleccións estadounidenses de 1995 e 1999. Norris (2003) e Cain, Dalton e Scarrow (ed. 2003) acharon que aumentaban as oportunidades de participación política, mentres que Barnes, Newman e Sullivan (2007) se centraron no incremento da participación nos procesos de goberno e na vida pública.

Con todo, estas investigacións destacan o compromiso e o activismo desde a perspectiva do que necesitan os partidos, os políticos e o Goberno para que os procesos democráticos se desenvolvan nun clima político máis satisfactorio para os líderes. Pódese dicir que este punto de vista fai recaer nos cidadáns a responsabilidade de mudaren, o que libra os parlamentarios da tarefa de cambiar de modo de actuación. Os estudos referentes ao renacer da participación tenden a pasar por alto a posibilidade de revivir a representación formal, para se centraren unicamente en como conseguir un maior número de votantes, e ocúpase pouco da relación entre votante e representante.

Por este motivo, na nosa investigación examínase o que poderían facer os parlamentarios para axudaren a que os cidadáns se sentisen máis e mellor representados, o cal tamén podería contribuír a xerar confianza. Estúdanse os mecanismos de representación existentes, sen imaxinar outros, preguntándonos no canto diso como eses mecanismos poderían funcionar mellor desde o punto de vista dos cidadáns. As democracias manteñen uns sistemas representativos densos, de múltiples capas e aos cales lles hai que dedicar moito tempo; uns sistemas que, no sentido normativo, deberían poder xerar unha sensación de representación, con independencia de se os cidadáns participan neles ou deciden votar máis a miúdo. O noso estudo vén encher un baleiro crítico que afecta ás obras existentes sobre a materia, pois explora as **fontes** de satisfacción dos cidadáns e os habitantes coa política desde unha perspectiva «de abaixo arriba».

2.5. Representación sociolóxica: homes da clase traballadora, mulleres e minorías étnicas

Ningunha nova análise da representación podería deixar de abordar os problemas que mencionan os numerosos traballos realizados sobre o tema con respecto á representación «de grupo», «descritiva» ou «sociolóxica» das mulleres, xurdida a raíz da reivindicación feminista de que se garantise unha maior presenza destas nos cargos públicos mediante un equilibrio de sexos que consistise nun mínimo dun 40% e un máximo dun 60% de representantes mulleres ou homes. Dado que a política do equilibrio entre sexos, tamén denominada «democracia da paridade», xa se está a adoptar en todo o mundo con notables resultados (Dahlerup 2006, Krook 2009, escrutinio da Unión Interparlamentaria actualizado anualmente), resulta innecesario volver aquí sobre argumentos xa ben recoñecidos sobre a representación descritiva da muller. Non está de mais lembrar a cegueira que había antes con respecto ao sexo, como amosa o franco desexo de Bentham de «elevar ao máximo a felicidade da poboación no seu conxunto», para o cal «o home [sic] debe ter dereito de voto [...] porque só así se poderán reflectir no poder lexislativo os intereses persoais de todo o pobo [sic]» (citado en Birch 1971: 54). O sufraxio universal masculino permitiu a aparición da primeira política de identidade da clase obreira, durante a cal se creou o Labour Representation Committee (Comité de Representación Laborista) co obxecto de apoiar os seus propios candidatos ao Parlamento: un movemento, pois, de representación sociolóxica. Resulta interesante

comprobar que a última aposta feminista pola representación das mulleres aínda topa con obstáculos derivados da idea de garantir a «calidade» do representante, aínda que foron poucos os que se opuxeron algunha vez a que os representantes da clase traballadora carecesen de índices de «calidade» tales como unha vasta formación ou un total dominio do inglés purista. Mais non son os argumentos que defenden a representación sociolóxica o obxecto deste estudo, senón como prefiren os cidadáns-votantes ser representados no tocante aos sexos e ao requisito do equilibrio entre os dous, co propósito de analizar como entende o público esta noción.

As peticións de representación descritiva ou sociolóxica levan á cuestión da representación étnica. Neste sentido, Williams (2000: 24-5) defende a transcendencia do problema de identificar os grupos politicamente relevantes que deben ser representados, así como a do interrogante de se os representantes teñen algunha obriga para coas minorías da súa circunscrición. A cuestión de **quen** é obxecto de representación constitúe un problema político porque non se pode tratar, simplemente, de residentes particulares; para Williams (2000: 25-26) , estes só poden ser representados na medida en que teñan intereses identificables, que han ser intereses do grupo ou comunidades de intereses, expresados por grupos de presión, sindicatos, colectivos (étnicos) subestatais caracterizados por unha lingua ou unha relixión minoritarias, e mesmo conglomerados ideolóxicos leais a un determinado partido. Nestes casos, o autor menciona as vantaxes de que «o semellante represente o semellante». Shepherd, Garvey e Cavanagh (2001) consideran que acadar un tipo específico de representación sociolóxica pode eclipsar outro: por exemplo, das primeiras eleccións ao Parlamento escocés —que, segundo se afirma, marcaron o comezo dunha «nova política»— saíu unha Asemblea que incluía a cifra histórica de 48 parlamentarias (37,5%); de 81 parlamentarios homes, ningún procedía dunha minoría étnica,⁶ e só dous eran de extracción «obreira» ou «industrial». Porén, unha maioría de 46 deses 81 homes estaba afiliada a algún sindicato (Shepherd, Garvey e Cavanagh 2001: 94). É posible que a clase traballadora xa non teña representación sociolóxica en Escocia, mais si pode afirmar estar representada politicamente por «traballadores intelectuais» cuxa conexión coa vida da clase obreira é suficiente para que esta os acepte como defensores.

Tamén se pode dicir que a representación da paridade de sexos non abonda, aínda que, ao ser o reflexo dun 50% longo da poboación, promove substancialmente a idea da representación sociolóxica no seo do Estado. Porén, dado que as mulleres non constitúen unha categoría unificada, abrangendo como abranguen diferentes identidades de clase, raza⁷ e relixión, e dado tamén que as minorías étnicas nacionais tamén esixen⁸ estar reflectidas nos parlamentos estatais, a cuestión da representación étnica é outra das que se deben estudar desde a perspectiva subxectiva dos cidadáns de minorías étnicas. O problema agrávase alí onde a representación a exerce un único parlamentario, e as pluralidades (ou, peor aínda, as maiorías) estables conducen a que o poder o ocupen, durante moito tempo, homes, o cal, por definición, imposibilita a representación descritiva de diversos grupos de poboación. Ante isto xorde a pregunta de se as listas plurinominais poden, por si soas, posibilitar algún tipo de representación de grupo. Tendo presentes estas consideracións, incluíuse o número de representantes

entre os temas tratados polos grupos de debate deste estudo, os cales escoitaron **por separado** a voz de mulleres e homes, minorías raciais e étnicas, relixiosas, sexuais, culturais e emigrantes co fin de seren quen de reflectir as diferenzas e expresaren as diversas necesidades que teñen estes grupos para se sentiren representados na política. Entre os defensores da representación descritiva das minorías que están interesados nas relacións que se establecen coa circunscrición cóntanse Fenno (1978), Mansbridge (1999) e Banducci, Donovan e Karp (2004), mentres que moitos outros se centran principalmente na actuación dos lexisladores.

Con independencia de que determinados elementos de tres tipos diferenciados de obras configurasen así os parámetros deste estudo, non se puideron abranguer todos os temas tratados nas diversas análises da representación, e a mostra máis evidente do que se deixou á marxe é o tradicional interese no estudo das clases en favor da inclusión dunha diversidade de voces considerable. Con todo, mesmo así non se puideron mencionar outras categorías de diferenzas que manifestan unha política de identidade, que son, sobre todo, as persoas con discapacidade e aquelas para as que a súa orientación sexual constitúe unha identidade política.

3. O estudo: metodoloxía concreta

Este estudo é cualitativo e indutivo, non dedutivo, e non ten por obxecto demostrar ningunha hipótese. Partíuse dunhas premisas claras, que foron a) a viabilidade de dispor dun grupo de debate⁹ que tratase o tema da representación política tras un proceso de selección de perfís axeitados para integrar o grupo, mais sen facer cribado ningún en función das capacidades de expresión oral nin dos coñecementos políticos; noutras palabras, tratouse de contar con persoas de diversos niveis educativos e categorías sociais que fosen quen de falar con facilidade e fluidez suficientes para manter un debate polo miúdo; b) que, en comparación con este, nos anteriores estudos cuantitativos non se investigase abondo sobre as impresións e as opinións da xente; e c) que se achou preferible o método do grupo de debate ao da entrevista individual pormenorizada porque os profesionais dos estudos sociais consideran que o tema da política é pouco coñecido, o cal daba pé á probabilidade de que, ao seren entrevistados sós, os participantes se sentisen intimidados e non se lles ocorrese moito que dicir. Polo contrario, un grupo de debate de oito persoas daríalles seguridade e suficiente capacidade de interacción como para que se estimulasen uns a outros e tamén mediante as preguntas do moderador, sen estaren obrigados a respondelas todas.¹⁰

3.1. Exercicios e temas tratados polos grupos de debate

Malia o dito anteriormente, complementouse o debate oral típico con a) un exercicio individual, tipo test, de recapitulación dos temas tratados (véxase o Anexo), b) unha folla de comentarios libres individuais; e c) un memorando consistente nunha lista de nomes de parlamentarios da localidade dos participantes que lles axudase

a identificar aqueles que xa coñecían. Os debates abarcaron tres temas principais: primeiro, a cantidade e o tipo de interacción e contactos desexables que os participantes preferirían manter cos representantes; segundo, as culturas de representación política (resumidas así: 1. Mandato: informar/instar un representante para que actúe como delegado; 2. Interacción: intercambiar opinións cun representante que «escoita» mais que, en calquera caso, ten dereito a decidir como vai votar no Parlamento; 3. Confiar en que o representante decida sen eles e faga o seu traballo; e 4. Usar un parlamentario como recurso e axuda para resolver os problemas); e terceiro, a preferencia por estar representado por alguén «coma min ou distinto de min», ou «próximo a min» ou «afastado de min». Examinouse a cuestión da «semellanza» no sentido de similitude de extracción, filiación política (prioridades ou valores asociados cun partido), sexo, etnia, relixión, nacionalidade e condición migratoria. O «afastamento» expresouse como un nivel educativo superior, un maior coñecemento dos problemas mundiais ou estatais, e máis experiencia e formación que o participante. No tocante á diferenza de sexo fixéronse preguntas sobre cotas e sobre a aceptabilidade ou non dun desequilibrio dos sexos no Parlamento. Canto á raza e á etnia incluíuse a posibilidade de os partidos ou a lexislación estableceren cotas reservadas ás minorías étnicas, así como a necesidade de ter garantida algunha representación no Parlamento.

Respecto ao exercicio de recapitulación tipo test, cada participante definiu as súas preferencias escollendo oito das trinta opcións que se lles ofreceron, as cales abranguían oito tipos de características persoais e políticas dos representantes e do sistema de representación. A seguir, cada participante clasificou as opcións seleccionadas en orden descendente de importancia, de 8 a 1, de xeito que os investigadores poidan totalizar as preferencias dos membros do grupo e traducilas a un resultado numérico, malia a natureza cualitativa dos debates anteriores. Cada un dos grupos sociolóxicos pode ser obxecto de comparacións entre países ou combinarse con outros grupos do mesmo país.¹¹

3.2. Participantes e lugares

Os grupos de debate estruturáronse por sexo, etnia e relixión, o cal deu cinco grupos por país establecidos en dez lugares: 1) cidadás da maioría étnica branca residentes en Madrid, Londres, Varsovia e Skopje; 2) cidadáns homes da maioría étnica branca residentes en Glasgow, Bilbo, Gdansk e Skopje; 3) cidadás e non cidadás musulmáis residentes en Leicester, Barcelona, Bialystok e Skopje; 4) cidadáns e non cidadáns homes e mulleres de minoría étnica e residentes en Londres, Madrid, Varsovia e Skopje; 5) outros cidadáns da UE con dereito de voto limitado e residentes en Londres, Barcelona, Varsovia e Skopje. Os países escolléronse de tal modo que abarcasen Europa occidental, oriental, central e meridional, así como un país non pertencente á UE (Macedonia); incluíronse dous onde existen cotas para a representación dos sexos (España e Macedonia) e dous en que non (o Reino Unido e Polonia), todos eles con diversos partidos ou sistemas de partidos fundamentados nos criterios de

clase, etnia ou valores; e sistemas electorais D'Hondt uninominais ou plurinominais.

4. Resultados preliminares

O formato do debate en grupo resultou ser moi produtivo para estas persoas analizaren que idea tiñan sobre a súa representación política e imaxinaren como sería o representante ideal que os faría sentirse representados ou incluídos politicamente. O grao de fluidez e interacción entre os participantes foi moi alto ou moderadamente alto en todos os grupos. Malia as indecisións, xa previstas, nos debates políticos, ningún dos vinte grupos deixou de se expresar con coherencia sobre os diversos temas da listaxe, nin quedou sen nada que dicir antes do fin das dúas horas de debate, nin foi incapaz de acabar o exercicio tipo test ao remate. Esta ausencia de dificultades técnicas e de procedemento, xunto cos comentarios positivos que os participantes fixeron en voz alta sobre a experiencia, pode tomarse como indicativo de que, nunha atmosfera deliberativa, é posible estimular rapidamente persoas de moi diversa extracción para que falen de política de xeito construtivo.

4.1. Tenor xeral das impresións e as preferencias

Dun total de 159 participantes, menos dun puñado afirmaron para comezar que non se sentían representados de ningún modo polo sistema político. No debate libre inicial, unha esmagadora maioría criticou os políticos e os seus líderes, e algúns denunciaron con vehemencia a corrupción e os intereses persoais destes. O sorprendente non foi tanto a preponderancia de pensamentos negativos como a semellanza dos sentimentos expresados e do vocabulario empregado en dez lugares de catro países, con independencia do sexo, a relixión e a etnia. As razóns dunha homoxeneidade de expresión tan xeneralizada son, en si mesmas, merecedoras dunha investigación, malia non constituíren o tema deste estudo. O único caso en que se expresou abertamente unha entusiasmada impresión foi o dunha muller hispano-marroquina residente en Barcelona que se sentía ben representada polo presidente José Luis Rodríguez Zapatero e polas medidas do PSOE.

A pesar desa desafección inicial, todos os participantes menos catro amosaron capacidade e disposición para formularen uns ideais de representación política, foron quen de expresar con detalle as súas preferencias, parecían ter moito degoiro de que o sistema funcionase para eles dun xeito máis satisfactorio, suxeriron melloras, declararon ter presente que as preferencias doutros podían diferir radicalmente das súas e, en moitos casos, reflexionaron sobre si mesmos e autocriticáronse por non teren datos dabondo sobre as oportunidades que se lles ofrecían (para elixir representantes, participar na política e recibir información sobre as diversas medidas). Ademais, algúns manifestaron ser conscientes de que lles esixían demasiado aos políticos sen se ofrecerem eles mesmos a actuar.

De xeito revelador, unha esmagadora maioría de participantes indicaron que preferirían un maior contacto

cos seus representantes formais, preferencia que se formulou de diversos modos mais, significativamente, cando se lles pediu que escolleran entre catro formas alternativas de contacto, as opcións preferidas **non** foron as de esperar en persoas que declararan non se sentir representadas (nin «[Prefiro un c]ontacto infrecuente: confío en que o representante lexisle por min»,¹² nin «Contacto intermitente: preferiría manter contacto só cando o necesítase»). Aínda que elixindo estas opcións se evitaría ter que amosar interese no diálogo político, as seleccionadas foron as que implicaban un maior grao de interacción («Contacto frecuente: o meu representante debería actuar coma se fose o meu delegado» e «Contacto periódico: gustárame transmitirle as miñas opinións e recibir del/dela información con regularidade»). Disto pódese deducir que existe unha demanda oculta e subxacente de representación política, de tipo persoal, que na actualidade non se satisfai en tres dos catro países estudados. Con todo, mesmo os participantes do Reino Unido deron respostas semellantes ás dos demais, malia que arredor da metade sabían que os membros do Parlamento británico celebraban sesións de consulta e pasaban tempo na súa circunscrición.

A mensaxe xeral expresada polos participantes verbo das funcións dos parlamentarios foi que estes deberían **representar, e non só legislar**. Na representación ía incluída a subministración de informes periódicos sobre a actividade lexislativa a aqueles que solicitaran figurar na lista de correo dos parlamentarios, medida que moitos consideraron suficiente, talvez porque só un puñado de participantes tivera noticia de que no Reino Unido se podía facer isto, e porque a maioría dos participantes de Polonia, España e Macedonia estaban convencidos de que os seus deputados non ofrecían tales informes e probablemente nin sequera se ofrecerían a facelo; en consecuencia, os participantes entendíano como un paso considerable cara á «inclusión». Non obstante, un número significativo deles entusiasouse coa idea de dialogar cos seus representantes sobre diversas cuestións, coa axuda dun doado método de escribir en resposta aos informes e recibir unha resposta. Concretamente, os que dixeron que xa lle tiñan escrito a alguén declararon que quedarán decepcionados ao non obteren resposta, mais aqueles aos que si lles chegara algún tipo de comunicación expresaron o seu agrado, manifestando que se sentían atendidos ou recoñecidos. A outros satisfacíaos recibir folletos electorais na casa. Malia todo, houbo unha crítica bastante estendida ante o feito de que os representantes só visitasen a súa zona antes das eleccións e logo volvesen «desaparecer», así como ante a dificultade de chegar a saber mesmo o nome deses representantes, por non falar do dos seus compañeiros.

En resumo, parece que non cabe dúbida de que un intercambio persoal co representante, aínda que sexa unha única vez, fai que a xente se sinta máis incluída e representada politicamente. Dos 159 participantes, non chegaban a un puñado os que desexaban desvincularse dos seus representantes, mais habería que ter presente que, se xa o fixesen, probablemente non accederían a participar nun grupo de debate desta índole. As implicacións son considerables: mesmo no caso dos participantes que expresaran preferir un grao moderado de interacción, para acadar este obxectivo faría falta un cambio radical de comportamento dos cargos electos polacos,

macedonios e españois.¹³ Desta conclusión faise eco o National Democratic Institute (Instituto Democrático Nacional) de Skopje, ligado ao Partido Demócrata estadounidense, que considera que a interacción entre representantes e cidadáns resulta vital para consolidar a democracia en Macedonia.¹⁴ Porén, as respostas dos participantes **non** implican unha exportación integral da cultura británica de servizo á circunscrición (quer limitada, quer xeneralizada na realidade); ao contrario, tamén no Reino Unido faría falta un cambio de cultura, porque os participantes **non** tiñan a reivindicación de que os representantes se concentrasen en tal **servizo**. De feito, algúns crían que o representante perdería o tempo, dada a súa carga de traballo parlamentario, mais dialogar sobre os problemas si significaría aproveitar mellor ese tempo. Á vista disto, os parlamentarios destes catro países, e moi probablemente os de moitos máis, teñen diante o reto de cambiar o seu modo de actuación.

4.2. Preferencias en función dos grupos sociais: quen debería representar a quen?

As limitacións de espazo non nos permiten facer máis ca un resumo dos achados referentes á pregunta de «quen debería representar a quen». Estes resultados extraéronse da análise de doce grupos, habendo neles catro de cada un dos seguintes tipos: homes de maioría étnica branca procedentes de antigas vilas de estaleiros, mulleres de maioría étnica branca residentes nunha capital, e musulmáns de catro lugares. Destácanse as súas preferencias entre trinta tipos de características do sistema de representación (segundo se explica a seguir; véxase tamén o Anexo 1). Os participantes coincidiron nunha das principais características que debería ter a persoa que, con maior probabilidade, os faría sentir representados politicamente: alguén que tivese un alto nivel de «coñecementos, experiencia e formación». O debate revelara que se consideraba a política un asunto complicado no que, para inspirar confianza, facía falta unha persoa dotada de competencias de xestión e saberes neste eido (adquiridos, por exemplo, no ensino superior); en troques, case ninguén declarara sentirse representado pola opción «carismática» encarnada por «unha persoa que atraía a xente e estea dotada de boas capacidades de comunicación, aínda que non teña moita experiencia». Nesta concordancia racionalista destaca a distancia que separa a ese individuo superior case nietzscheano do participante medio: implica que estar próximo ao representado, como ocorre coa representación sociolóxica, non é a resposta sinxela que pode solucionar o problema de como facer que un se sinta ben representado. Unha importante excepción constitúea o Reino Unido, o único país onde os participantes non escolleron esa persoa de alto nivel de «coñecementos, experiencia e formación» por riba das outras; no canto diso, os tres grupos do Reino Unido que foron analizados clasificaban esta característica ideal en segundo lugar, por tras da de contar cun representante «que entenda como é a vida das persoas coma [un mesmo], aínda que sexa doutra extracción» (véxanse os detalles máis adiante). E non só iso, senón que os coñecementos e a formación foron meramente a característica máis valorada do representante ideal, pero ademais escolléronse outras que quedaron en postos algo inferiores da clasificación, suxeitas a

considerable variación.

As mulleres da capital, se ben concordaban cos homes de España, Polonia e Macedonia nesa mesma característica ideal superior, tendían máis ca eles a se sentiren representadas por «alguén que entenda como é a vida das persoas coma [elas], aínda que sexa doutra extracción». A segunda escolla máis valorada polas mulleres indica unha menor atracción pola alternativa racionalista/tecnócrata «afastada», así como a necesidade de que un representante estea, en certa medida, socialmente próximo a elas, aínda que é interesante advertir que case ningunha muller desexaba ser representada por alguén que tivese un perfil semellante ao delas (que era a opción de «o máis parecido a min», «alguén coma min, da mesma extracción». Ademais, as mulleres brancas de Londres, igual que os homes de Glasgow, preferían unha persoa que «entenda como é a vida das persoas coma [eles], aínda que sexa doutra extracción» sobre as demais alternativas. As londinienses destacaron entre o resto das mulleres por seren as únicas que gustarían de ter un sistema dual de representación, cun home e unha muller que representasen cada circunscrición; por preferiren representantes mulleres no canto de homes; e por preferiren tamén, no tocante á etnia, persoas de diversa índole, malia seren brancas elas mesmas. Noutras palabras, as mulleres londinienses si valoraban certos aspectos da representación sociolóxica por motivos de sexo e mostráronse conscientes da multitude de etnias existentes na súa cidade (que na actualidade comprenden un 30% de minorías raciais e un 12% de estranxeiros brancos), mais non por isto desexaban un representante «espello», igual a elas e da mesma extracción social e etnia. Pódese interpretar que se trata de respostas de diferente orde, segundo as cales as mulleres miraban máis aló de si mesmas e vían as necesidades dos demais, de tal xeito que coidaban que os homes deberían ter igual número de escanos que as mulleres e os deputados deberían ser «mixtos» para representaren a todo o mundo.

Outro grupo de variantes observadas nas mulleres foi como as procedentes de Madrid se amosaban, claramente, máis inclinadas que as demais a manteren contacto frecuente cun representante que actuase como o seu delegado, mentres que, no extremo oposto, as mulleres macedonias preferían ter un contacto intermitente cos representantes e só cando o precisasen, por riba das opcións que suxerían unha interacción máis estreita. Así mesmo, as mulleres de Skopje sentiríanse representadas unicamente por unha persoa macedonia ortodoxa, o que demostra certo grao de sectarismo relixioso, dada a composición (multiétnica e con dúas relixións) da súa recentemente establecida democracia. Con todo, a idea de «da mesma relixión ca min», como factor «espello» que o fixese a un sentirse representado, non quedou clasificada, en xeral, entre os primeiros postos (excepto no sentido de que a opción «sen relixión» tamén pode significar «coma min»). No canto diso, os participantes coincidiron en preferir, vagamente, que o seu representante ideal non manifestase adhesión relixiosa ningunha, mesmo se a tiña, o cal resulta significativo no marco dos lugares en que se teñen vivido tensións relixiosas e mesmo disturbios (como entre comunistas e católicos en Polonia, protestantes e católicos en Glasgow, ortodoxos e musulmáns en Skopje, e católicos e ateos en España), e pode interpretarse como un desexo de escapar de tales

divisións. Isto, polo tanto, é compatible coa preferencia racionalista por un representante dotado de experiencia técnica, mais contrasta de xeito moi marcado cos gustos dos grupos de mulleres musulmás, como se indica a seguir.

Ao analizar estes catro grupos, hase ter presente que as mulleres musulmás procedían dun contexto de situacións e legados moi diferentes, e non só de países distintos, sendo as da Antiga República Iugoslava de Macedonia e as de Polonia musulmás europeas nativas que non gardaban relación coas actuais vagas migratorias.¹⁵ En conxunto, estes grupos de musulmás foron os únicos que pensaban que a principal característica dunha persoa que quixese axudarlles a se sentiren representadas sería a fe musulmá, trazo que lles parecía considerablemente máis importante que o de contar cun representante de grandes coñecementos e ampla formación, aínda que esta seguía a ser (en conxunto) a súa segunda preferencia. O que separaba os catro grupos era que as musulmás de Leicester, igual que as súas homólogas brancas de Londres, tamén clasificaban a opción dunha persoa dun alto nivel de coñecementos e formación por debaixo da de «alguén que entenda como é a vida das persoas coma [elas], aínda que sexa doutra extracción»; mais, a diferenza das londinienses, máis feministas, todas as musulmás de Leicester preferían estar representadas por un home, o cal, pola súa vez, contrasta coas ideas das musulmás de Skopje, que optarían, todas, por estar representadas por unha muller, se ben é certo que en ambos os grupos se trata da cuarta ou quinta preferencia en orde de importancia. Por último, achouse, significativamente, que a relixión do representante ideal resultaba moito máis importante que a súa orixe étnica no caso das musulmás de Skopje, Barcelona e Leicester, mais non no das tártaras polacas de Bialystok, cuxa característica favorita nun representante sería a de ser tártaro, e musulmán a segunda; dito doutro xeito, existen marcados contrastes no marco da preferencia por representantes da «mesma identidade». Non obstante, as musulmás dos catro países foron as únicas que expresaron preferir claramente unha representación sociolóxica que reflectise a súa propia relixión e a súa mesma orixe étnica, e, para a metade delas, o seu sexo.

5. Conclusións

A respecto de como sería o seu representante ideal, os participantes sentiríanse máis representados por persoas dotadas de competencias racionalistas e tecnocráticas que por xente coma eles, trazo que, en termos xerais, foi clasificado no primeiro posto por aqueles grupos que probablemente escollerían características de semellanza con eles, nunha aposta pola representación sociolóxica ou da mesma identidade, como no caso dos homes de clase traballadora, as mulleres e as musulmás. En segundo lugar, isto amosa a excepcionalidade dos grupos do Reino Unido neste respecto, cuestión sobre a que se require unha maior investigación que inclúa unha análise exhaustiva de todos os datos, cunha comparativa entre países.

En xeral, o feito de preferir un representante tecnocrático-racionalista suxire a debilidade da histórica política laborista e de identidade de clase, xa que poucos participantes homes escolleron as opcións que

mencionaban a semellanza con eles e a mesma identidade, e nin sequera preferiron, neste sentido, un home a unha muller. A sorprendente excepción foi a do Reino Unido, como se indicou, onde os homes de Glasgow rexeitaron o trazo de racionalismo e tecnocracia en favor de alguén que «entenda como é a vida das persoas coma [eles]», xunto cunha preferencia polo ámbito municipal e por representantes escoceses: en suma, un concelleiro autenticamente local, quedando todas as demais características substituídas polas da proximidade espacial.

No tocante ao sexo, o estudo amosa resultados mixtos a respecto da representación sociolóxica e da mesma identidade: o número de mulleres que preferían estar representadas por un home era o mesmo que as das que optaban por unha muller, mais este trazo non constituía unha prioridade. Dun xeito semellante, a relixión só tiña importancia para as mulleres musulmás, mentres que os demais grupos apenas se sentirían representados por alguén que declarase unha filiación relixiosa, fose herdada ou practicada. Ao mesmo tempo, a tendencia xeral de os participantes evitaren o criterio de semellanza cos seus representantes veuse algo temperada polo feito de ser o nivel municipal de goberno local, máis que o nacional, o que axudaba a que os participantes dos grupos masculinos e femininos (mais non as mulleres musulmás) se sentisen representados; dito doutro xeito, nestes casos a distancia e a superioridade equilibrábanse coa posibilidade de un percibir a súa eficacia persoal ao tratar cun concelleiro local ou ao se enfrontar a problemas municipais, xunto coa previsible satisfacción de poder observar efectivamente as melloras feitas no ámbito local.

Finalmente, ao repasar as obras dedicadas a este tema quedou patente que un estudo das perspectivas dos cidadáns sobre a representación política e as súas preferencias particulares por diversos tipos de representantes constituiría unha investigación orixinal que viría encher un baleiro nas análises académicas. Os traballos xa feitos sobre a representación limítanse a estudar os parlamentarios en tanto que políticos, xunto coa pregunta de como poderían eles incrementar ao máximo as probabilidades de seren reelixidos; é dicir, trátase dun enfoque instrumental. Por este motivo, conceptualizar os cidadáns e os residentes como individuos que teñen unha necesidade subxectiva de seren representados constitúe un punto de vista novo e, á vista do material aquí exposto, frutífero. Ao comezo do debate, practicamente a totalidade dos participantes non se sentía representada na política, nalgúns casos ata o punto de lles parecer que non tiñan dereito a esa representación, que eran individuos marxinais e que non se escoitaba a súa voz. Porén, os 159 participantes, agás tres, ofreceron respostas coherentes e amosáronse moi interesados na posibilidade de contar cun fluxo informativo e mesmo un diálogo a dúas bandas sobre medidas e asuntos públicos que lles atinxisen. A opción de ter uns representantes vagamente identificados cos que un residente podería poñerse en contacto só no caso de sufrir un problema grave —o modelo básico no Reino Unido— non foi a favorita.

Este estudo veu motivado tamén pola cuestión de como poden crear os Estados membros da UE uns sistemas de representación política máis satisfactorios en países que contan cunha poboación cada vez máis diversa de suxeitos multiétnicos e conscientes da súa identidade sexual e das súas diferenzas, nun contexto en

que grandes sectores da poboación maioritaria manifestan tamén ter dificultades á hora de se identificaren coa clase política dominante no seu país e entenden que una solución viría dada pola representación sociolóxica. Mais en Polonia, España e Macedonia os participantes amosáronse preocupados sobre todo pola eficiencia racional, nunha conxuntura en que xa tiveran experiencias con políticos ineficaces e nada comprometidos que non eran quen de levar a cabo as mudanzas e as melloras necesarias. Con todo, pensouse tamén en diversas clases de representantes que puidesen dirixirse ás diferentes identidades étnicas, relixiosas, sexuais e locais pasando por riba da política do seu partido; e, dado que estas son calidades que, por definición, non se poden atopar nunha soa persoa, o estudo apunta á conveniencia de contar con circunscricións electorais pluripersoais como punto de partida para instituír unha cultura de receptividade política practicada por un corpo máis diverso de representantes.

Aínda que este artigo dá conta unicamente dunha parte dos achados, queda clara a mensaxe: desde o punto de vista da xente de a pé, non se percibe que os lexisladores estean a actuar como representantes e, na súa maioría, son seres anónimos e invisibles; mais, para se sentir representada, a cidadanía gustaría de que actuasen como **lexisladores e representantes** dun xeito inclusivo: non atendendo ás necesidades de electores particulares de maneira clientelista, senón ofrecendo apoio fundamentado en último caso, participando en conversas políticas ou informando das súas actividades de tal modo que dean a impresión de estaren a facer un traballo que xustifica a súa elección e a súa remuneración.

Referencias

- Banducci, Susan, Todd Donovan and Jeffrey Karp (2004) 'Minority representation, empowerment and participation', *Journal of Politics*, Vol. 66, pp. 534-556.
- Barnes, Marian; Newman, Janet Sullivan and Power, Helen (2007) *Participation and Political Renewal: Case Studies in Public Participation*, Bristol: The Policy Press.
- Bean, Clive (1990) 'The Personal Vote in Australian Federal Elections', *Political Studies* 38: 253-68.
- Bercow, John (2009), discurso pronunciado durante unha convención da Political Studies Association e comunicación persoal coa autora, Portcullis House (Londres), 30.11.2009.
- Beun, Brechtje and Irwin, Galen (1997) 'The Netherlands: Historical Overview of the Electoral System', in *ACE: The Electoral Knowledge Network*, páxina dos Países Baixos (consulta: 17 de maio do 2009), <<http://aceproject.org/regions-en/other/NL/case-studies/the-netherlands-historical-overview-of-the-electoral-system-1997/view>>.
- Bhavnani, Kum-Kum and Coulson, M. (1986) 'Transforming socialist-feminism: the challenge of racism', *Feminist Review* Nr. 23, pp. 81-92.
- Bianco, William (1994) *Trust: representatives and constituents*, Michigan: University of Michigan Press.
- Birch, A.H. (1971), *Representation*, London: Macmillan.
- Bogdanor, V. (1985) ed., *Representatives of the People? Parliamentarians and constituents in Western democracies*, London: Gower.
- Burke, Edmund (1774 - 3 November) 'Speech to the Electors of Bristol', *Select Works of Edmund Burke (4 Vols)*, A New Imprint of the Payne Edition, Indianapolis, IND, 1999. Online Library of Liberty, <http://oll.libertyfund.org/?option=com_staticxt&staticfile=show.php%3Ftitle=659&chapter=20392&layout=html>

&Itemid=27>.

- Burkett, Tony (1985) 'The West German deputy', in V. Bogdanor, ed. *Representatives of the People? Parliamentarians and constituents in Western democracies*, London: Gower, pp. 117-134.
- Cain, Bruce, John Ferejohn, and Morris Fiorina (1983) 'The Constituency Component: A Comparison of Service in Great Britain and the United States', *Comparative Political Studies*, No. 16: 67-91.
- Cain, Bruce, John Ferejohn, and Morris Fiorina (1987) *The Personal Vote: Constituency Service and Electoral Independence*, Cambridge: Harvard University Press.
- Cain, B.E., Dalton, R.J. and Scarrow, S.E. (2003) *Democracy transformed: expanding political opportunities in advanced industrial democracies*, Oxford: OUP.
- Canavan, Francis (1999) 'Foreword and Biographical Note', in Canavan, ed., *Select Works of Edmund Burke (4 Vols)*, A New Imprint of the Payne Edition, Indianapolis, Ind.: Liberty Fund, online Library of Liberty, <http://oll.libertyfund.org/?option=com_staticxt&staticfile=show.php%3Ftitle=659&chapter=20392&layout=html&Itemid=27> [12.01.09].
- Carey, Wilson (1995) *The politics of disappointment: American elections 1976-94*, CQ Press.
- Carey, Wilson (2000) *Beyond the Politics of Disappointment: American Elections, 1980-1998*, 2nd revised edition, London (?): Chatham House Publishers.
- Clarke, H.D., Price, R.G., and Krause, R. (1975) 'Constituency service among Canadian provincial legislators', *Canadian Journal of Political Science/Revue Canadienne de Science Politique* VIII No. 4, December, reproducido en P. Norton (ed) *Legislatures and Legislators*, Dartmouth: Ashgate.
- Collins, Patricia Hill (1990/1991) *Black Feminist Thought*, New York: Unwin Hyman and London: Routledge.
- Dahlerup, Drude (2006) ed., *Women, quotas and politics*, Abingdon and New York: Routledge.
- Davidson, R. H. (1969) *The Role of the Congressman*, New York: Pegasus.
- Davidson, R. (1979) 'The two congresses and how they are changing' in N. Ornstein, ed., *The role of the legislature in Western democracies*, Washington, DC: American Enterprise Institute.
- Dobson, Frank, MP (2008), entrevista coa autora, 10 de xaneiro, Cámara dos Comúns.
- Dogan, Mattei (2007) 'Parliamentarians as Errand Boys in France, Britain and the United States', *Comparative Sociology* Volume 6, Number 4, 2007, pp. 430-463(34).
- Fenno, Richard (1978) *Home Style: House Members in Their Districts*, New York: Little Brown.
- Halman, Loek (2001) 'European Values Study, Third Wave', *Source book of the 1999/2000 European Values Study Surveys*, Tilburg: Tilburg University.
- House of Commons (2007) Select Committee on Modernisation of the House of Commons, *Revitalising the Chamber: the role of the back bench Member*, First Report of Session 2006–07, London: House of Commons, <<http://www.publications.parliament.uk/pa/cm200607/cmselect/cmmodern/337/337.pdf>> [07.03.09].
- Irvine, W.I. (1982) 'Does the candidate make a difference? The macro-politics and micro-politics of getting elected', *Canadian Journal of Political Science*, Vol. 15, No. 4 (Dec), pp. 755-782.
- Jacobs, Lawrence, Shapiro, Robert (2000) *Politicians don't pander: political manipulation and the loss of democratic responsiveness*, Chicago, IL: University of Chicago Press.
- Krook, Mona Lena (2009) *Quotas for Women in Politics: Gender and Candidate Selection Reform Worldwide*, Oxford and New York: OUP.
- Lovenduski, Joni (2005) *Feminizing Politics*, Cambridge: Polity Press.
- Manin, Bernard (1997) *The principles of representative government*, Cambridge: CUP.
- Mansbridge, Jane (1999) 'Should Blacks Represent Blacks and Women Represent Women? A Contingent Yes', *Journal of Politics* 61(3): 628–57.
- Mitchell, Paul (2000) 'Voters and their representatives: Electoral institutions and delegation in parliamentary democracies', *European Journal of Political Research* 37: 335–351.
- Norris, P. (2003) *Democratic Phoenix*, Cambridge University Press.
- Norton, Philip, and David M. Wood (1990) 'Constituency Service by Members of Parliament: Does It Contribute to a Personal Vote?' *Parliamentary Affairs* 43(2): 196-208.
- Norton, P. (1998) (ed) *Legislatures and Legislators*, Dartmouth: Ashgate.

- Phillips, A. (1998) *The Politics of Presence: Political Representation of Gender Race and Ethnicity*, Oxford: OUP.
- Rohrschneider Robert (2005) 'Institutional Quality and Perceptions of Representation in Advanced Industrial Democracies', *Comparative Political Studies*, Vol. 38, No. 7, 850-874, DOI: 10.1177/0010414005276305.
- Sapiro, V. (1983) *The political integration of women: roles, socialization, and politics*. Urbana: University of Illinois Press.
- Searing, Donald D. (1994) *Westminster's World*, Cambridge, Mass.: Harvard University Press.
- Shepherd, M., Garney, N. and Cavanagh, M. (2001) 'New Scottish Parliament, new Scottish Parliamentarians?', *The Journal of Legislative Studies*, Vol. 7, No. 2, Summer, pp. 79-104.
- Steed, M. (1975) 'The results analysed' Appendix 2 in Butler & Kavanagh, *The British General Election of October 1974*, London: Macmillan, pp 330-356.
- Stanley, Sharon (2009), funcionario da Outreach Office (Departamento de Difusión Pública) da Cámara dos Comúns, comunicación por correo electrónico, 4 de febreiro.
- Studlar, D.T. and McAllister, I. (1996) 'Constituency Activity and Representational Roles among Australian Legislators', *The Journal of Politics*, Vol. 58, No. 1, pp. 69-90.
- Swain, Carol (1993) *Black Faces, Black Interests: The Representation of African Americans in Congress*. Cambridge: Harvard University Press.
- Williams, Melissa (2000) *Voice, Trust, and Memory: Marginalized Groups and the Failings of Liberal Representation*, Princeton: Princeton, NJ: University Press.

¹ Este estudo forma parte dun proxecto de investigación máis amplo, *Gendered Citizenship in a Multicultural Europe-FEMCIT*, financiado pola Unión Europea dentro do VI Programa Marco.

² Neste traballo emprégase o termo «representante» para denominar aquela persoa que os cidadáns entenden que foi elixida pola súa circunscrición, «lexislador» unicamente cando se fai referencia á actividade parlamentaria, «parlamentario» para calquera das dúas funcións e «membro do Parlamento» no caso do Reino Unido.

³ Tamén se analizou a representación en función da situación legal (cidadáns do Estado, residentes doutros Estados e votantes da UE), mais neste artigo non se dá conta dos correspondentes achados.

⁴ Dos 329 parlamentarios sen función específica que foron entrevistados e que, segundo o autor puido determinar, desempeñaban un rol típico, só 81 —pouco menos dun cuarto— acabaron clasificados como membros do Parlamento «pola circunscrición» (Searing 1994: 144).

⁵ Estes roles redúcense a «delegado», «fiduciarios» e «partido» (este último refírese a persoa do partido, persoa con voz nel ou persoa con ambicións nel), mais no noso traballo defínense catro tipos de interacción.

⁶ Sete candidatos quedaron demasiado abaixo na súa lista ou tiñan asignados escanos imposibles de conseguir (Shepherd, Garvey e Cavanagh 2001: 92).

⁷ Nocións que, para o caso do Reino Unido, foron tratadas por primeira vez a principios da década de 1980 por Kum-Kum Bhavnani e Gail Lewis, entre outros, e posteriormente por Patricia Collins (1990).

⁸ Véxase, por exemplo, a Operation Black Vote no Reino Unido.

⁹ Para os grupos de debate seleccionáronse participantes de perfís similares mais lixeiramente diferentes, os cales, xunto cunha serie de grupos focais compostos por participantes de diversas categorías, compuxeron o escenario propicio para expresar unha ampla variedade de experiencias e preferencias. Estas non son representativas en termos cuantitativos; pode suceder que manifesten opinións do groso da poboación ou dunha minoría substantiva, mais isto non se sabería ata que non se realizase un estudo cunha mostra representativa. Aínda que poidan expresar unha serie de opinións e preferencias, cada unha das cales atopan eco en pequenas cantidades de cidadáns, en conxunto reflicten algo semellante a unha «maioría de minorías»; ou ben pode ocorrer que unhas opinións particulares non sexan en absoluto representativas das da poboación en xeral.

¹⁰ Elixiuse un estilo de moderación que fomentase a intervención, puxese puntos clave sobre a mesa e dese lugar a ideas creativas que desembocasen en deliberacións, axustadas en todo momento á guía de temas. Os vinte

grupos trataron todo o abano de materias estipuladas dun xeito comparable e durante dúas horas cada un.

¹¹ Déuselles tempo aos participantes para que escribisen (a man e con estilo libre) cal era o «elemento» individual máis importante (ofrecéronse as seguintes suxestións: características do representante; trazos do sistema electoral; acontecementos; novas medidas; reforma das medidas; cambio no país, etc.) que lles axudaría a se sentiren máis representados politicamente, pero na análise efectuada neste artigo non se recorre a ese material.

¹² Aclarárase previamente que este punto significaba «Prefiro ou espero deixalo/a que desempeñe o seu posto», «Estou seguro/a de que vai facer o seu traballo» ou «Supoño que sabe facer o seu labor», dependendo do grupo e da lingua empregada.

¹³ En España existen algúns indicios de que isto xa está a cambiar.

¹⁴ Con este obxectivo estalles proporcionando aos parlamentarios macedonios de todos os partidos políticos oficinas expandidas polo conxunto das rexións de Macedonia, a fin de convencelos para que se despracen ata elas e se comuniquen cos residentes e os votantes (Chris Henshaw, director, entrevista persoal, setembro do 2008).

¹⁵ Aos grupos de Leicester e Barcelona éralles coñecido o Islam dos emigrantes de movementos migratorios anteriores (do sueste asiático) ou actuais (marroquinos), respectivamente, e a maioría xa adquiriran a nacionalidade británica ou española e o dereito de sufraxio. En cambio, os grupos de Skopje e Bialystok non son emigrantes en absoluto, senón que representan, por unha banda, unha ampla poboación histórica de etnia albanesa, dotada de identidades propias en cada punto do territorio da Antiga República Iugoslava de Macedonia, e, pola outra banda, unha pequena comunidade de etnia particular, os tártaros de Lipka, que se asentaron no que era a Comunidade Polaco-Lituana dos séculos XVI-XVII; noutras palabras, trátase en ambos os casos de musulmáns europeos nativos.